



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2025.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
CLUB BALONCESTO CHANTADA	G27210855	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410.48900	19.000,00 €	Presidencia
CLUB DEPORTIVO CALASANCIO	G27104736	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410.48900	8.000,00 €	Presidencia
ESCUDERÍA CHANTADA	G27106228	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA A CHANTADA	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
C.D. BURELA, F.S.	G27272251	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA SECCIÓN FEMININA	3410.48900	12.000,00 €	Presidencia
CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA	G27342005	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	G27324284	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	140.000,00 €	Presidencia
C.D. BURELA, F.S.	G27272251	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	140.000,00 €	Presidencia
PERFECCIONAMIENTO Y TÉCNICA DE CONDUCCIÓN, SL --	B15724685	Nominativa	VOLANTE DEPUTACIÓN 2025	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
VILLALBA FÚTBOL SALA	G27247667	Nominativa	GASTOS TEMPADA EQUIPO FEMENINO	3410.48900	30.000,00 €	Presidencia

Lugo, 1 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0878

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000034.- MONFORTE DE LEMOS.- CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DE MURO ESTRUCTURAL NO PAZO DE TOR**2025/CON_02/000036.- CASTRO DE REI – COSPEITO.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-1104 “PORTOMUIÑO (LU-P-1106) – MOMÁN DE COSPEITO (LU-113)” P.K. 0+000 A 7+624**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 28 de marzo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0848

CONCELLOS**LÁNCARA***Anuncio***Información pública**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2/2025, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 180.991,07 euros, e a base 30ª das de execución do presuposto 2025.

O expediente exponse ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 28 de marzo de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0849

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS26/2025**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 31 de marzo de 2025, o expediente núm. 26/2025 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 5.271.465,86€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 1 de abril de 2025.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0879

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2025, acordou a aprobación provisional da modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de **trinta días**, a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Navia de Suarna, 28 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0850

OUTEIRO DE REI*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 27 de marzo de 2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de abril ata o 15 de abril de 2025. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 27 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0851

RÁBADE*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 1 de abril de 2025 aprobáronse as bases para o nomeamento dun peón de obras e servizos, por prazo de 9 meses, a xornada completa, en réxime de funcionario interino baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2025, programa "Reforzo do emprego"

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na sede electrónica do Concello de Rábade <https://rabade.sedelectronica.gal/info.0>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Rábade, 1 de abril de 2025.- A Alcaldesa-presidenta, Remedios González Cabarcos.

R. 0880

O VICEDO

Anuncio

Aprobada a rectificación (RECT. - Epígrafe 1C. Vías municipais- modificación do activo 1C. 1. 0331) do inventario de vías e camiños municipais pertencentes a este municipio mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2025, ábrese un período de información pública por prazo de vinte días hábiles, que se computarán a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que calquera persoa interesada poida examinar o expediente na sede municipal e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Transcorrido o citado prazo sen que se presentaran reclamacións ou suxestións, entenderase aprobada definitivamente a devandita revisión.

O Vicedo, 28 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0854

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2025, aprobou inicialmente o inventario de fontes e lavadoiros do Concello do Vicedo.

De conformidade co preceptuado no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sométese o expediente a información pública por prazo de 30 días hábiles, que se computarán a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a efectos de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente nas oficinas municipais e formular as alegacións ou suxestións que estimen pertinentes.

No suposto de non formularse alegacións ou suxestións durante o prazo habilitado ó efecto, entenderase definitivamente acadado o acordo ata entón provisional.

O Vicedo, 28 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0852

VIVEIRO

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL) publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 26 de marzo de 2025, que literalmente di:

“DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 21, 116 e 122 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61, 66, 67, 68, 212 e 228 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), nos artigos 38, 119, 123, 124, 125, 126 e 127 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e nos artigos 8, 42, 43, 44, 45, 50, 51, 52, 53 e 54 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo de creación das seguintes COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, quedando establecidas da seguinte forma

- COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA
- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, OBRAS, MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL

- COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, MULLER, IGUALDADE E XUVENTUDE
- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL
- COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
- COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN E DEPORTES
- COMISIÓN INFORMATIVA DE COMERCIO E CONSUMO
- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL

Segundo.- Manter a creación da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Terceiro.- Manter a creación das seguintes COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS

- COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Cuarto.- Manter a creación da MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE segundo o establecido no artigo 326 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, coas seguintes particularidades:

1.- Constituír a Mesa de Contratación Permanente para todos os expedientes de contratación de competencia plenaria.

2.- Constituír Mesa de Contratación nos procedementos nos que a súa constitución sexa potestativa para o órgano de contratación (procedementos negociados sen publicidade e simplificados sumarios).

3.- Composición da Mesa de Contratación:

A mesa de contratación permanente contará cos seguintes membros, entre os cales se inclúen persoal electo e persoal municipal (que en ningún dos casos se trata de persoal eventual, formando parte da mesma persoal funcionario de carreira, laboral fixo, funcionario interino e laboral temporal, por non contar este Concello con persoal funcionario de carreira suficiente):

- Presidente: Martín Vale Cobo

Suplente do presidente: María Carmen Gueimunde González

- Vogais (Membros electos) (os que cada formación política con representación municipal designe)
- Vogal representante designado polo grupo municipal do PSOE

Suplente

- Vogal representante designado polo grupo municipal do BNG

Suplente:

- Vogal representante designado polo grupo municipal do PP

Suplente

- Vogal representante designado polo grupo municipal de Por Viveiro

Suplente

- Vogais (Membros non electos -persoal municipal):

- Vogal: Secretaria Municipal: M^aLuz Balsa Rábade

Suplente: Nieves Leitao Cora

- Vogal- Interventor/a Municipal: Marta González Arias

Suplente: Técnico/a de servizos económicos: Gloria Rouco Llanderroz

- Vogal: Santiago Meitín Míguez

Suplente: Irene Fernández Cora

- Vogal: Santiago Silva Rey

Suplente: Manuel Fernández Expósito

- Vogal: Javier Balseiro Fernández

Suplente: Lucía Míguez López

- Vogal: Carlos Méndez Fernández

Suplente: Rosario San Isidro Franco

- Vogal: M^a Antonia Prieto González

Suplente: Ana Coya Guerreiro

- Vogal: Sabela Chao Pino

Suplente: Mayka Orol Castro

- Vogal: Margarita Fernández Franco

Suplente: Lorena Fernández Méndez

- Vogal: Pablo Alonso Pérez

Suplente: José María Fernández Prieto

- Secretario da Mesa de Contratación: José Viveiro Russo

Suplente: M^a Jesús Vale Martínez

Tendo en conta a limitación que establece a LCSP sobre a porcentaxe máxima de asistencia de membros electos, unicamente poderá asistir un membro de cada grupo político a cada Mesa de Contratación.

4.- Cada membro da Mesa de Contratación actuará como vogal (non contando con voto ponderado).

Quinto.- Manter a creación da XUNTA DE VOCEIROS

Sexto.- Manter os acordos adoptados ao respecto da periodicidade das sesións ordinarias das Comisións Informativas permanentes.

Sétimo.- Manter o acordo adoptado ao respecto da constitución das Comisións Informativas Permanentes e Especiais, así como da Comisión Especial de Conta, que se axustarase ao seguinte:

1. A presidencia das mesmas corresponderá á Alcaldía.

2. Estarán integradas por un concelleiro ou concelleira de cada grupo. Ós efectos de que a súa constitución se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, así como ás esixencias establecidas pola doutrina do Tribunal Constitucional a votación realizarase mediante o sistema de voto ponderado (en función da representación no Pleno da Corporación), reproducindo a estrutura política do pleno municipal, tal e como establece o ROM .

3. A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo realizarase mediante escrito dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ó Pleno; podendo designarse de igual forma un ou varios suplentes por cada titular. Soamente poderá acudir á Comisión en representación do seu Grupo Municipal o titular ou suplentes designados. De non realizarse novas asignacións por cada un dos grupos municipais manteranse as designadas ata este momento.

Oitavo.- Manter o acordo adoptado ao respecto da Xunta de Voceiros, que estará composta polo voceiro ou voceira de cada grupo. As reunións da mesma celebraranse segundo dispón o ROM.”

O que asino en

Viveiro, 28 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 0853

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 59 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 7 de marzo de 2025, que literalmente di:

“DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 59, 61, 62 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), nos artigos 35, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 52, 53 e 112 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e nos artigos 8, 56, 57, 59, 60 e 61 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Resultando que no Concello de Viveiro en función da súa poboación, segundo o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que segundo establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ao igual que o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 56 do ROM, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde ou Alcaldesa, que a preside, e concelleiros e concelleiras nomeados libremente pola persoa que ostenta a Alcaldía como membros da mesma, prevendo que os pode cesar libremente, en todo momento a calesqueira membros da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en

ditos artigos o número de concelleiros e concelleiras que a Alcaldesa pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o terzo do número legal de membros da corporación, que no caso de Viveiro ascende a cinco.

Resultando que segundo prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, así como o artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 61 do ROM os Tenentes de Alcaldía serán libremente nomeados e cesados pola Alcaldesa, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que os artigos 43, 44 e 45 do ROF, en consonancia co artigo 120, así como o artigo 60 do ROM, prevén a delegación de competencias e contemplan a existencia de concelleiros e concelleiras delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro ou concelleira delegado por revogación da delegación, adoptada pola persoa que ostenta a Alcaldía coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF e 59 e 60 do ROM, a Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poida realizar a favor de calquera concelleiro ou concelleira, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquera concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado ou relativas a un determinado servizo.

Resultando que segundo establece o artigo 46 do ROF, e 61 do ROM, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcaldía realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución pola Alcaldesa, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ao procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcaldía. Así mesmo o establece o artigo 56 do ROM.

A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte do delegado, entendéndose aceptada tacitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo ao membro ou órgano destinatario non se fai mención expresa da non aceptación.

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF e 59 do ROM indican que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirán efecto dende o día seguinte ao da data do Decreto, se nel non se dispón outra cousa, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta a proclamación de nova Alcaldesa na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2025, coa destitución da anterior Alcaldesa, mediante a aprobación da moción de censura presentada o pasado 20 de febreiro.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local do seguinte xeito:

Cesar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleiras:

- D^a. Miriam Bermúdez García
- D. Jesús Fernández Fernández.
- D^a. Iria Cotelo Cociña
- D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.
- D. Juan Ramón Martínez Castro

Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleiras:

- D. Martín Vale Cobo
- D. Domingo González López
- D. Pablo Varela Sánchez
- D^a. Saray Ventura Fernández
- D^a. Erea Rivera Vázquez

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa, queda integrada polos cinco concelleiros e concelleiras anteriormente referidos.

Esta designación surtirá efectos dende o día seguinte á sinatura da presente Resolución, sen prexuízo da súa notificación, dación de conta ao Pleno e publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, consonte ao artigo 52 do ROM e 56 do ROM.

SEGUNDO.- Modificar o nomeamento de tenentes de Alcaldía deste Concello do seguinte xeito:

Cesar como tenentes de Alcaldía aos seguintes concelleiros e concelleiras:

1º TENENTE DE ALCALDÍA: D^a. Miriam Bermúdez García.

2º TENENTE DE ALCALDÍA: D. Jesús Fernández Fernández.

3º TENENTE DE ALCALDÍA: D^a. Iria Cotelo Cociña

4º TENENTE DE ALCALDÍA: D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

5º TENENTE DE ALCALDÍA: D. Juan Ramón Martínez Castro.

Nomear como tenentes de Alcaldía ao concelleiro da Xunta de Goberno Local que a continuación se relaciona, que substituíra a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

1º TENENTE DE ALCALDÍA: D. Martín Vale Cobo

Os nomeamentos surtirán efectos dende o día seguinte á sinatura da presente Resolución, sen prexuízo da súa notificación, dación de conta ao Pleno e publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, consonte ao disposto no artigo 46 do ROF e 61 do ROM.

TERCEIRO.- Modificar as concellerías delegadas, do seguinte xeito:

Revogar a totalidade de delegacións actuais efectuadas no presente mandato electoral:

Revogar a delegación xenérica efectuada a favor de D^a. Miriam Bermúdez García: ÁREAS DE OBRAS, INFRAESTRUTURAS E MANTEMENTO NO MEDIO RURAL, PARQUES E XARDÍNS, CEMITERIO, MOBILIDADE, ACCESIBILIDADE E MEDIO AMBIENTE.

Revogar a delegación xenérica efectuada a favor de D^a. Iria Cotelo Cociña: ÁREAS DE EMPREGO, PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E MERCADOS. A favor de D.

Revogar a delegación xenérica efectuada a favor de D. Juan Ramón Martínez Castro : ÁREAS DE MEDIO RURAL, SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA, SECTOR FORESTAL E MANTEMENTO DE ESPAZOS E ZONAS VERDES.

Revogar a delegación xenérica efectuada a favor de D. Jesús Fernández Fernández: ÁREAS DE ECONOMÍA E FACENDA, MAR, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, CONSERVATORIO, DEPORTES E CENTROS SOCIOCULTURAI.

Revogar a delegación xenérica efectuada a favor de D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega: ÁREAS DE SERVIZOS CULTURAI E DINAMIZACIÓN CULTURAL, MULLER E IGUALDADE.

Revogar a delegación especial efectuada a favor de D^a. Catalina Fernández Méndez: Dirección e xestión das actuacións e trámites vinculados aos servizos de benestar social, inclusión e cohesión social, infancia e sanidade, así como calquera outro asunto vinculado a este ámbito dentro das súas propias delegacións.

Revogar a delegación especial efectuada a favor de D^a. Andrea Ríos Rodríguez: dirección e xestión das actuacións e trámites vinculados aos centros de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos deste termo municipal; xestionar as relacións municipais coas asociacións de pais de alumnos dos centros referidos e atender a calquer outro asunto vinculado a este ámbito dentro das súas delegacións.

Revogar calquera outra delegación xenérica ou especial que se teña efectuado no presente mandato electoral.

Esta revogación surtirá efectos dende o día seguinte á sinatura da presente Resolución, sen prexuízo da súa notificación, dación de conta ao Pleno e publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, consonte ao disposto no artigo 44 do ROF e 59 do ROM.

CUARTO.- Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF e 56, 59 e 61 do ROM.

QUINTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente aos concelleiros e concelleiras cesados e nomeados.

SEXTO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O que asino en

Viveiro, 28 de marzo de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, María Carmen Gueimunde González.

R. 0855

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL) públicase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 26 de marzo de 2025, que literalmente di:

“DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e no artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados dos centros escolares ós seguintes concelleiros e concelleiras:

Consello Escolar do C.E.I. SAN ROQUE: Vicente Vázquez Chao

Consello Escolar do C.E.I.P. COVAS: Domingo González López

Consello Escolar do C.P. SANTA RITA DE GALDO: Erea Rivera Vázquez

Consello Escolar do C.E.I.P. DE CELEIRO: Martín Valez Cobo

Consello Escolar do I.E.S. IRMÁNS VILAR PONTE: Martín Vale Cobo

Consello Escolar do I.E.S. MARÍA SARMIENTO: Saray Ventura Fernández

Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: Saray Ventura Fernández

Consello Escolar do C.E.I.P. LANDRO: Saray Ventura Fernández

Segundo.- Nomear como representantes da Corporación nos seguintes órganos colexiados ós seguintes concelleiros e concelleiras:

Escola Oficial de Idiomas: Erea Rivera Vázquez

Conservatorio Profesional de Música de Viveiro: Pablo Varela Sánchez

Mesa Local de Comercio: Domingo González López

Consortio Provincial de Bombeiros: Vicente Vázquez Chao

Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: Pablo Varela Sánchez e Lorena Fernández Méndez

Rede Europea da Semana Santa: María Carmen Gueimunde González

UNICEF: Saray Ventura Fernández e Lorena Mera Ramil

Asociación GDR Terras de Miranda: Vicente Vázquez Chao

Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal: Martín Vale Cobo

Comisión de Seguimento entre a Xerencia Territorial do Castastro e o Concello de Viveiro: Carlos Ramón Mendez Fernández, Amalia Hortensia Alvarez Lage, María Carmen Gueimunde González

Comisión de seguimento do convenio entre o Concello de Viveiro e a Xunta de Galicia para os procesos selectivos referentes á Policía Local: María Carmen Gueimunde González e Martín Vale Cobo.

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: Saray Ventura Fernández

Rede Española de Ciudades por el Clima: Martín Vale Cobo e Antonia González Prieto

Pacto de las Alcaldías para el Clima y la Energía: María Carmen Gueimunde González e Antonia González Prieto

Terceiro.- Nomear como representantes do Concello de Viveiro na Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense aos seguintes membros da Corporación: María Carmen Gueimunde González

Cuarto.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado aos concelleiros e concelleiras nomeados.”

O que asino en

Viveiro, 28 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 0856

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 59 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 16 de marzo de 2025, que literalmente di:

“DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e nos artigos 58, 59 e 60 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Resultando que os artigos 43, 44 e 45 do ROF, en consonancia co artigo 120, así como o artigo 60 do ROM, prevén a delegación de competencias e contemplan a existencia de concelleiros e concelleiras delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro ou concelleira delegado por revogación da delegación, adoptada pola persoa que ostenta a Alcaldía coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF e 59 e 60 do ROM, a Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poida realizar a favor de calquera concelleiro ou concelleira, aínda que non pertenzan á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquera concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado ou relativas a un determinado servizo.

A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte do delegado, entendéndose aceptada tacitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo ao membro ou órgano destinatario non se fai mención expresa da non aceptación.

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF e 59 do ROM indican que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirán efecto dende o día seguinte ao da data do Decreto, se nel non se dispón outra cousa, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta a proclamación de nova Alcaldesa na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2025, coa destitución da anterior Alcaldesa, mediante a aprobación da moción de censura presentada o pasado 20 de febreiro.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte **RESOLUCIÓN**

PRIMEIRO.- Outorgar aos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan, as seguintes as seguintes Delegacións:

DELEGACIÓNS XENÉRICAS

A favor de D. Martín Vale Cobo: ÁREAS DE ECONOMÍA E FACENDA, OBRAS, INDUSTRIA, MERCADOS E MEDIO AMBIENTE.

A favor de D. Domingo González López: ÁREAS DE HOSTALERÍA E COMERCIO.

A favor de D. Pablo Varela Sánchez: ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: FAMILIA, INFANCIA, MAIORES E INCLUSIÓN SOCIAL.

A favor de D^a. Saray Ventura Fernández: ÁREAS DE CULTURA, MULLER, IGUALDADE E XUVENTUDE.

A favor de D^a. Erea Rivera Vázquez: ÁREAS DE MEDIO RURAL E ASOCICACIÓNS VECIÑAIS.

DELEGACIÓNS ESPECIAIS

A favor de D. Vicente Vázquez Chao: Dirección e xestión das actuacións e trámites vinculados aos contratos menores e servizos e brigadas de obras e parques e xardíns, e e calquera outro asunto vinculado a este ámbito dentro das súas propias delegacións baixo a dirección da Alcaldía.

As delegacións efectuadas neste punto refírense ás facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro ou concelleira beneficiario. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo non se realiza manifestación expresa de non aceptar a delegación.

As competencias non delegadas manteranse como atribucións e competencias da Alcaldía.

SEGUNDO.- Modificar as delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local, do seguinte xeito:

Revogar as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local:

- Aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando a Alcaldía sexa competente para a súa contratación ou concesión e esteñan previstos no Orzamento.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada.
- Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.
- Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e Plantilla aprobados polo Pleno, as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, que resulten de competencia da Alcaldía.
- As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante a solicitude de subvencións.

Manter o resto de atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local:

- Outorgamento de licenzas urbanísticas de competencia da Alcaldía. Soamente se engloban nesta delegación os acordos de outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, quedando excluídas o resto de competencias que lle correspondan á Alcaldía en materia urbanística.
- Autorización de entronques á rede de subministro de abastecemento de auga e á rede de sumidoiros municipais.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás licenzas de taxi.
- As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás autorizacións para a tenencia de cans de raza perigosa.
- As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante á concesión ou revocación ós usuarios do servizo de axuda no fogar.
- Autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios. A aprobación da xustificación dos pagos a xustificar. Non se entende incluída nesta delegación a constitución dos pagos a xustificar nin a constitución e extinción dos anticipos de caixa fixa. Tampouco se engloba nesta delegación a aprobación de gastos non orzamentarios nin os recoñecementos extraxudiciais de crédito, que de acordo coa normativa xeral e bases de execución do orzamento municipal se atribúan excepcionalmente á Alcaldía.

As atribucións delegadas poderán ser avocadas pola Alcaldía de conformidade co previsto no artigo 116 do ROF, 60 do ROM e 10 da LRXSP, con motivación da avocación e xustificando en todo caso a urxencia na adopción do acordo, dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, das Resolucións que se dicten pola Alcaldía por avocación de competencias.

TERCEIRO.- Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44 do ROF e 59 e 61 do ROM.

CUARTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente aos concelleiros e concelleiras cesados e nomeados.

QUINTO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O que asino en

Viveiro, 28 de marzo de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, María Carmen Gueimunde González.

R. 0857

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – XERMADE

Anuncio

Aprobación das bases e a convocatoria do II CERTAME “Xermadeando pola igualdade”

BDNS (Identif.): 823795

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/823795>)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 19/03/2025 aprobou as bases e a convocatoria do II Certame “Xermadeando pola igualdade”, que se transcriben integramente:

“BASES DO II CERTAME “Xermadeando pola igualdade”.

EXPTE. 223/2025.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade 2024-2026 foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023 e publicado no BOP nº 262 o 15/11/2023. Na área 2 “Educación e conciliación familiar” establece unha liña de axudas destinadas ao alumnado do CEIP Xermade para certames literarios con motivo do Día das Letras Galegas ou Nadal, entre outros, a fin de fomentar a creación artística (literatura ou debuxo).

A Constitución española, no seu artigo 14, proclama o dereito a igualdade e prohíbe calquera discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

O ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, recoñécese como o idóneo para desenvolver accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

Co gallo de avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes, o Concello de Xermade considera imprescindible traballar co alumnado do CEIP de Xermade, ao que convida a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica coa igualdade como temática central. Aqueles alumnos e alumnas que queiran participar deben seguir as presentes bases do certame:

Primeira.- Categorías

Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2024/2025. As categorías serán:

- Categoría A: Alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria.
- Categoría B: Alumnado de 2º, 3º e 4º de Primaria
- Categoría C: Alumnado 5º e 6º de Primaria.

Segunda. Temática.

O tema do concurso baseará sobre os contos, pero desde unha perspectiva da igualdade de xénero, fomentando a ruptura de estereotipos e transmutando os mitos que contribúen o mantemento de valores patriarcais e ó reparto dos roles de xénero. Cada categoría terá unha modalidade:

- Categoría A: Creación dun debuxo.
- Categorias B e C: Creación dun conto, en lingua galega.

Terceira.- Formato.

Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio de tamaño DIN A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entregaranse só co título, sen ningunha identificación persoal.

Cuarta.- Recepción.

A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca Municipal de Xermade, dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 10 de xuño. Para formalizar a inscrición será necesario a presentación do traballo e o Anexo I cuberto.

Quinta.- Premios

Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 € no momento da entrega do traballo para material escolar, previa presentación da autorización para a consulta de datos tributarios que figura no anexo I. O vale poderá ser trocado ata o mércores 15 de outubro de 2025.

O importe global dos premios ascende a dous mil trinta e cinco euros (2.035,00.-), para os que existe crédito na aplicación orzamentaria 321.489 do vixente Orzamento municipal 2025 do Concello de Xermade.

De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán os seguintes premios:

- Categoría A:

1º Premio: vale para material escolar por valor de 50 €

2º Premio: vale para material escolar por valor de 30 €

3º Premio: vale para material escolar por valor de 25 €

- Categorias B e C:

1º Premio: vale para material escolar por valor de 75 €

2º Premio: vale para material escolar por valor de 55 €

3º Premio: vale para material escolar por valor de 40 €

Sexta.- Xurado.

O xurado estará formado por cinco persoas:

Presidenta: Dona Nélica Coira Pena, Concelleira de Benestar social, Igualdade e Participación Cidadá do Concello de Xermade

Vogais:

1º Dona Sandra De Bernardo Eimil, Concelleira do grupo municipal do Partido Popular do Concello de Xermade

2º Don Ernesto Ares Yáñez, Técnico de Emprego do Concello de Xermade.

3º Don Rubén López Eiras, Director do CEIP Plurilingüe de Xermade.

Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, Educadora familiar do Concello de Xermade.

O fallo do xurado levarase a cabo antes do 30 de xuño de 2025 e publicarse na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Xermade.

A entrega dos premios terá lugar na Biblioteca Municipal de Xermade.

Sétima.- Participación.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.

O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso.

En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

Xermade, 27 de marzo de 2025.- A educadora familiar, Lucía Guizán Trastoy. Visto e praxe, a concelleira de Benestar social, Igualdade e Participación Cidadá, Nélica Coira Pena.

Anexo I

II CERTAME “XERMADEANDO POLA IGUALDADE”. EXPTE: 223/2025

D./ D.^a _____ con DNI: _____,
como nai/pai/titor do alumno/a _____,
con DNI _____.

DECLARO:

Que o/a menor está matriculado/a no CEIP PLURILINGÜE DE XERMADE en _____ curso, ano 2024/2025.

AUTORIZO:

Ó Concello de Xermade, con CIF P2702100E a consultar as débedas ou liquidacións pendentes con este Concello, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En Xermade, a _____ de 2025.

Sinatura: _____”

Xermade, 31 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 0863
